



***RESOLUCIÓN do 28 de febreiro de 2023 pola que se nomea a Comisión de Selección do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, convocado pola resolución do 23 de decembro de 2022, do Director do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).***

O Consello Reitor do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) na súa xuntanza do 22 de decembro de 2022, acordou aprobar a resolución da mesma data, pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías/grupos da entidade instrumental consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), que figuran convocadas na oferta pública de emprego extraordinaria recollida no Decreto 79/2022, do 25 de maio, da Consellería de Facenda e Administración Pública (XUNTA DE GALICIA), anunciada no DOG de 29 de decembro de 2022. No mesmo acordo, o Consello Reitor outorgou ao Director de ACSUG a competencia para ditar todas as resolucións necesarias para desenvolver dito proceso selectivo, así como para nomear a súa comisión de selección.

Mediante a Resolución do 23 de decembro de 2022, o Director de ACSUG convocou o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas categorías/grupos II (técnico/a grado medio) e IV (auxiliar administrativo/a), respectivamente, da entidade instrumental consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), que figuran convocadas na oferta pública de emprego extraordinaria recollida no Decreto 79/2022, do 25 de maio, da Consellería de Facenda e Administración Pública (XUNTA DE GALICIA).

Polo exposto, e de conformidade co disposto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia

en materia de igualdade e o Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVO:

Nomear como membros da Comisión de Selección do proceso selectivo extraordinario de estabilización de persoal ao que se refire á citada Resolución do 23 de decembro de 2022, do Director de ACSUG, ás seguintes persoas:

- **Presidenta:** María Patrocinio Morrondo Pelayo

- **Secretario:** Francisco Rico Rey

- **Vogais:**

Benito Fernández Rodríguez

María Isabel Casal Reyes

Lourdes Rodilla Jiménez

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2023

Eduardo López Pereira

Director do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia